

**Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración do  
Regulamento de réxime interno do centro de atención residencial  
do Concello de Meira (Lugo)**

**Trámite: CONSULTA PÚBLICA A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO  
CONCELLO DE MEIRA PARA RECABAR A OPINIÓN DOS  
CIDADÁNS E DAS ORGANIZACIÓNS REPRESENTATIVAS  
POTENCIALMENTE AFECTADAS POLA ELABORACIÓN DO  
REGULAMENTO DO C.A.R.**

# PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS NO PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DO CENTRO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO).

## 1) INTRODUCCIÓN

O Concello de Meira ten o propósito de elaborar un Regulamento para levar a cabo o funcionamento interno do seu Centro de Atención Residencial (CAR) e coa intención de completar a regulación municipal na materia.

Con tal motivo, deséñase un proceso participativo aberto ás asociacións e veciñanza interesada en debater e achegar respecto a esta iniciativa municipal.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), no seu art. 133 regula a participación cidadá no procedemento de elaboración das normas.

Á súa vez, o art. 105 CE establece que

*"A lei regulará: a) A audiencia dos cidadáns directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei, no procedemento de elaboración das disposicións administrativas que os afecten. (...)"*

Esta é a obriga constitucional á que vén a dar resposta o art. 133 da LPAC:

*-"Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos. "-.*

Este artigo é novidoso en canto ao tratamento da audiencia e a exposición pública das disposicións xerais que non se regulou na LRXPAC; polo que, onde non existía normativa específica, se aplicaban analoxicamente os artigos 85 -Trámite de audiencia- e 86 - Información Pública- (con idéntica dicción hoxe nos artigos 82 e 83 LPAC), referidos á participación das/os interesadas/os no procedemento administrativo común (actos).

A formulación do precepto é abrir a participación cidadá en dous momentos:

1º. - Cando xorde a idea ou iniciativa, previamente á elaboración do texto articulado: substanciándose nunha consulta pública a través do portal web, limitada a solicitar a opinión dos *"suxeitos e das organizacións máis representativas"* potencialmente afectados pola futura norma sobre:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

2º.- Cando xa se conte cun texto elaborado (previamente á súa aprobación definitiva artigo 133.2 LPAC), e a futura norma afecte a dereitos e intereses das persoas, publicarase este no portal web municipal aos efectos de audiencia dos cidadáns afectados e información pública de calquera "outras persoas ou entidades"; sen prexuízo de que, potestativamente, se poida solicitar directamente a opinión das organizacións máis representativas de afectados.

## 2) PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA.

A mellora e o aumento na esperanza de vida é unha constante na nosa sociedade actual. Este fenómeno das sociedades avanzadas e occidentais aséntase na necesidade de establecer mecanismos sociais e políticas económicas orientadas cara a protección dos nosos maiores, símbolo do respecto entre xeneracións.

Todo elo leva consigo un incremento dos recursos que os distintos poderes públicos deben adicar ás políticas no eido do benestar social e atención socio-asistencial.

Os concellos como entidade máis cercanas aos veciños non son alleas a estas situación.

Por outro lado, as competencias que tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local como a Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, lle encomenda ao municipio, fan que a acción pública en materia de servizos sociais adquira un papel predominante dentro da súa intervención administrativa.

A crise como é ben coñecido provocou nos últimos anos unha perda de poder adquisitivo das familias así como un incremento da desigualdade na sociedade actual, fenómeno que implicou unha maior dotación de recursos por parte dos distintos poderes públicos en materia de protección social.

A Constitución Española garante ao noso Estado como un estado social e democrático de dereito, sinalando ademais que:

*“os poderes públicos teñen que promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.*

Asimesmo, o programa da Deputación Provincial de Lugo de construción e posta en funcionamento de residencia e centros de atención residencial á terceira idade nunha boa parte de concellos da provincia, como é o de Meira, é un dos eixos da acción provincial en materia de benestar social. Elo implica a necesidade de cooperación e colaboración dos distintos concellos para poder facer efectiva a prestación deste servizo socio-asistencial.

## 3) NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

Nos últimos tempos os servizos sociais do Concello de Meira viron potenciada a súa actividade ano a ano, fundamentalmente co incremento no número de usuarios do Servizo de Axuda no Fogar, partida na que o concello adica orzamentariamente uns 100.000€ no ano 2019.

Non podemos esquecer que dos 1.747 habitantes cos que conta o Concello de Meira, uns 602, o 34,45%, ten máis de 60 anos. A isto hai que engadirle o continuo incremento na esperanza de vida (118 habitantes superan os 85 anos).

A maiores temos que ter en conta que dito centro asistencial ten como ámbito territorial non só o Concello de Meira senón que tamén outras localidades cercanas ou mesmo do resto da provincia.

Estes datos non fan mais que pór de relevo a necesidade e oportunidade neste momento da aprobación deste texto regulamentario e para dar resposta a unha problemática social en aumento.

#### **4) OBXECTIVOS DA NORMA**

O futuro Regulamento do CAR, como xa quedou dito, ten como obxectivo acadar un sistema de funcionamento deste centro socio-asistencia e evitar así situacións de exclusión social das persoas maiores.

Un dos seus obxectivos prioritarios é a cobertura

O posible contido e estrutura da futura ordenanza podería ser o seguinte, sen prexuízo de que atinxa a outras cuestións:

- PREÁMBULO
- CARÁCTERÍSTICAS DOS SERVIZOS A PRESTAR
- REQUISITOS DAS PERSOAS USUARIAS
- DEREITOS DE DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS
- NORMAS DE CONVIVENCIA
- DISPOSICIÓNS ADICIONAIS
- DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS
- DISPOSICIÓNS FINAIS
- ANEXOS

#### **5) AS POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS.**

Non hai alternativas regulatorias á aprobación dun Regulamento de funcionamento do CAR, xa que ao tratarse dun instrumento normativo que regula un ámbito de actuación interno, non pode levarse a cabo mediante outro instrumento normativo.

**PROVIDENCIA:**

Ao abeiro do disposto no art. 133.1 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), dispoño co inicio formal do procedemento de elaboración do Regulamento do CAR do Concello de Meira, que se proceda a efectuar consulta pública nos termos do devandito precepto, con publicación de anuncio no portal web municipal e solicitude da opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma.

Meira, 27 de febreiro do 2019

O Alcalde

Antonio de Dios Álvarez

